



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

METEOGALICIA
Informe climatolóxico outubro 2011

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE OUTUBRO DE 2011



ÍNDICE

1	DESCRINCIÓN SINÓPTICA DO MES	2
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	5
4	TEMPERATURA	8
4.1.	Temperatura máxima media mensual.	8
4.2.	Temperatura mínima media mensual.	9
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 outubro.	10
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2011.	14
5	PRECIPITACIÓN	15
5.1.	Precipitación acumulada mensual outubro 2011	15
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	16
5.3.	Días de chuvia en outubro de 2011	17
5.4.	Evolución da precipitación no período 1961-2011	19
6	VENTO	20
7	RADIACIÓN SOLAR	25
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual	25
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	26
8	RAIOS	27
Anexo: Resumo mensual		

Data edición: 17/11/2011



Mes cálido, con altos valores nas máximas. Precipitacións acumuladas normais, pero coa metade dos días de chuvia habituais.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro estivo marcado en Galicia pola persistencia dos anticiclóns de bloqueo que ata a derradeira semana do mes impediron a chegada de sistemas frontais e polo tanto, a chegada das precipitacións. Na derradeira semana estas chuvias tiveron por momentos carácter torrencial, o que propiciou que o total de chuvias recollidas no mes se asemelle moito a un mes normal.

Desta forma os primeiros 5 días do mes foron unha continuidade das situacións anticiclónicas de finais de setembro, coas altas presións en Europa Central, achegando unha masa de aire cálido procedente do norte de África. Nestes primeiros 5 días do mes o ceo estivo despexado e as temperaturas foron altas, con máximas que superaron en moitos puntos da Comunidade os 30°C.

Na xornada do día 6 as altas presións retiráronse momentaneamente de Galicia, o que deu lugar ao achegamento dunha fronte, pero tan pouco activa que apenas conseguiu provocar un descenso térmico, un aumento de nubes e algunhas chuvias moi débiles nas provincias da Coruña e Lugo.

O día 7 un novo anticiclón chegou dende o Atlántico, aportando estabilidade. Nos primeiros 3 días deste episodio as altas presións aportaron ventos do norte e aire frío e polo tanto, aínda que o tempo foi seco, as temperaturas non subiron demasiado. Porén a partir do día 10 o anticiclón situouse novamente ao norte da península Ibérica, situación que propiciou a chegada de aire cálido dende o sur e polo tanto 5 días novamente con temperaturas altas, superándose os 30°C en zonas do interior. Durante a xornada do 15 este anticiclón foise movendo cara ao leste de Europa e un novo centro de altas presións chegou dende o Atlántico. Deste xeito, aínda que a estabilidade continuou a ser a nota predominante entre o 15 e o 18, as temperaturas non foron tan altas.



O día 19 cambiamos novamente de anticiclón e no medio entrou aire algo máis húmido do Atlántico, aumentando a nebulosidade con algunhas chuvias moi febles na metade oeste. Nesa xornada os termómetros estiveron xa por debaixo dos 20°C no litoral, quedando polo tanto en valores máis normalizados para a época do ano. De tódolos xeitos a xeira anticiclónica tivo aínda continuidade cun derradeiro anticiclón que afectou a Galicia os días 20, 21 e 22, deixando ceo despexado e un novo incremento das temperaturas, aínda que en ningún caso superaron xa os 25°C.

Na xornada do 23 tivemos un cambio brusco nas condicións meteorolóxicas. Un centro de baixas presións achegouse a Galicia deixando refachos de ventos do sur importantes, pero sobre todo dando lugar ao paso dunha fronte de chuvias moi activa que deixou precipitacións importantes en toda a Comunidade. Cabe resaltar en particular a situación de chuvascos que se viviu a continuación do paso desta fronte e que no sur da provincia de Pontevedra deixou rexistros superiores aos 30 mm nunha hora e os 80 mm en 12 horas. Estes intensos chuvascos provocaron importantes inundacións na cidade de Vigo. Ademais, rexistráronse refachos de vento que acadaron o seu máximo, 139.3 km/h, na localidade de Cuntis.

A derradeira semana do mes estivo marcada pola sucesión de borrascas e sistemas frontais. Así, as xornadas do 24 e 25 foron de chuvascos intermitentes, con caída de temperaturas e neve por riba dos 1300 metros. Na xornada do 26 unha nova fronte moi activa, asociada á borrasca nomeada Nils, atravesou Galicia deixando novamente importantes cantidades de precipitación, e outra vez chuvias puntualmente intensas no sur de Pontevedra, destacando os 65 mm que caeron na cidade de Vigo.

No día 27 se rexistráronse chuvascos en toda a Comunidade e nas xornadas do 28, 29 e 30 Galicia recuperou transitoriamente a estabilidade, aínda que no derradeiro día do mes tivemos o paso dunha nova fronte de chuvias.



2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presións tanto en superficie (Figura 1) como en altura (figura 2) amosan as anomalías positivas ao norte de Galicia, é dicir, a pegada das altas presións que nos primeiros 23 días do mes bloquearon case completamente a chegada de calquera fronte de chuvias dende o Atlántico. A anomalía é mais forte nas capas medias da estratosfera (figura 2) o que aínda dificultou moito máis á chegada destas borrascas.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, outubro de 2011.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, outubro de 2011.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

Este mes destacan os valores das temperaturas máximas, superándose os rexistros históricos máis altos das series.

A CORUÑA

	OUTUBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	16.6	15.7	18.4 (1997)	12.6 (1974)
T ^a mínima media	13.3	12.6	15.3 (1997)	10.2 (1974)
T ^a mínima absoluta	8.4 (día 25)	6.0 (19/10/1992)		
T ^a mínima máis alta	18.5 (día 1)	19.6 (10/10/1997)		
T ^a máxima media	21.0	18.7	21.5 (1997)	15.0 (1974)
T ^a máxima absoluta	31.5 (día 2)	28.0 (06/10/1978)		
T ^a máxima máis baixa	15.3 (día 27)	12.0 (27/10/1976)		
Precipitación acumulada	104	81-107	286 (1987)	18 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	25 (1997)	1 (1981)

Comentario: O mes foi moi cálido. A chuvia rexistrada estivo dentro do rango de valores normais, se ben, o número de días de chuvia é moi inferior ó valor climático agardado para esta variable (case a metade). Destaca a temperatura máxima do día dos, a máis alta do período de referencia.

**SANTIAGO**

	OUTUBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.9	14.7	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	10.7	10.5	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	5.1 (día 29)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	16.2 (día 1)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	22.7	19.0	22.2 (1989)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	31.9 (día 13)	30.6 (03/10/1997)		
Tª máxima máis baixa	13.7 (día 25)	12.2 (20/10/1992)		
Precipitación acumulada	115	146-180	604 (1987)	40 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	7	14	23 (1987)	5 (1985)

Comentario: O mes considérase cálido para as temperaturas mínimas e medias, chegando a moi cálido téndose en conta a temperatura máxima. A máxima do día 13 é a máis alta do período de referencia. A chuvia rexistrada é inferior ó mínimo do rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia é a metade do valor climático agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	OUTUBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.8	13.1	15.4 (1994)	9.3 (1974)
Tª mínima media	9.6	8.6	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	1.4 (día 22)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	12.0 (día 5)	19.0 (25/10/1988)		
Tª máxima media	23.1	17.7	21.2 (1985)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	31.7 (día 12)	30.0 (13/10/1985)		
Tª máxima máis baixa	12.2 (día 25)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	140	97-120	367 (1987)	10 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	8	12	24 (1987)	2 (1985)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura mínima, moi cálido para a temperatura máxima e normal para a temperatura media. A máxima do día 12 é a máis alta do período de referencia. A chuvia rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido nesta localidade. O número de días de chuvia, sen embargo, é inferior ó agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	OUTUBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.2	15.0	17.8 (1989)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.2	10.1	12.9 (1997)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	6.4 (día 29)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 1)	19.0 (11/10/1997)		
Tª máxima media	23.3	20.0	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	33.3 (día 14)	31.2 (07/10/1989)		
Tª máxima máis baixa	15.4 (día 26)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	214	158-200	596 (1987)	24 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	24 (1987)	3 (1985)

Comentario: Mes moi cálido para todas as temperaturas. A máxima do día 14 é a máis alta do período de referencia. A chuvia rexistrada é lixeiramente superior ó rango de valores normais para esta variable polo que o mes considérase húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia é a metade do valor climático agardado.

OURENSE

	OUTUBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.6	15.1	18.1 (1997)	11.6 (1974)
Tª mínima media	8.2	9.2	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	3.4 (día 21)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	13.3 (día 5)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	25.9	20.9	24.7 (1985)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	34.3 (día 12)	33.0 (03/10/1983)		
Tª máxima máis baixa	15.3 (día 24)	10.8 (22/10/1987)		
Precipitación acumulada	171	70-89	301 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	6	10	24 (1987)	2 (1974)


Comentario: Mes moi cálido téndose en conta a temperatura máxima, cálido para a temperatura media, pero frío para a temperatura mínima. A máxima do día 12 é a máis alta do período de referencia. A chuvia rexistrada é moi superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido nesta localidade, o número de días de chuvia pola contra é inferior ó valor climático agardado.



4 TEMPERATURA

As temperaturas foron en xeral altas para o mes de outubro, sendo as anomalías máis patentes nos valores máximos con anomalías de ata 5°C nalgúns puntos, debido ás altas temperaturas rexistradas na primeira quincena. Así por exemplo, podemos destacar que entre o 1 e o 15 en Ourense, soamente 4 xornadas rexistraron máximas por debaixo dos 30°C.

4.1. Temperatura máxima media mensual.



Tmáx - 10/2011

www.meteogalicia.es

Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de outubro de 2011.



4.2. Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de outubro de 2011.



4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 outubro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.

A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. As anomalías máis altas están repartidas por distintos puntos da comunidade, se ben localízanse principalmente nas zonas montañosas. O valor medio da anomalía de temperatura media é de 2.1 °C para o conxunto da Comunidade.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	5.4
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	5.0
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.9
Ancares	Cervantes	Lugo	4.8
Xares	A Veiga	Ourense	4.8
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	4.7
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	4.1
Pereira	Forcarei	Pontevedra	4.0
Abradelo	Samos	Lugo	3.9
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	3.8

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2011.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de Meteogalicia, con respecto ao período climático 1971-2000. As anomalías máis baixas rexistráronse principalmente no litoral da provincia de Lugo, onde os valores son moi próximos aos normais.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	-0.1
Foz	Foz	Lugo	0.0
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	0.3
Vilamor	Mondoñedo	Lugo	0.3
Campus Lugo	Lugo	Lugo	0.4
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	0.5
Coruña Dique	A Coruña	A Coruña	0.6
Mabegondo	Abegondo	A Coruña	0.7
Coruña	A Coruña	A Coruña	0.7
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	0.7

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2011.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na comunidade galega no mes de outubro de 2011 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
05/10/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	36.5
12/10/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	36.2
04/10/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.6
01/10/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.3
02/10/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.3
03/10/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	35.2
02/10/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	35.1
03/10/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	35.0
05/10/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	34.9
13/10/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	34.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2011 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
12/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	29.2
05/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	28.9
13/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	28.7
04/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	28.3
11/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	28.2
05/10/2011	Xurés	Muiños	Ourense	27.8
12/10/2011	Xurés	Muiños	Ourense	27.6
12/10/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	27.3
14/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	27.2
03/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	27.1

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2011 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na comunidade galega no mes de outubro de 2011 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
25/10/2011	Xares	A Veiga	Ourense	-0.1
25/10/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.1
25/10/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.0
25/10/2011	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.7
25/10/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	2.8
25/10/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	4.4
27/10/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	4.8
25/10/2011	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	4.9
27/10/2011	Xares	A Veiga	Ourense	4.9
25/10/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	5.6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2011 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
25/10/2011	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	6.3
25/10/2011	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	7.1
25/10/2011	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	7.3
25/10/2011	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	7.6
25/10/2011	Labrada	Abadín	Lugo	8.3
25/10/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	8.3
25/10/2011	O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	8.3
25/10/2011	Abradelo	Samos	Lugo	8.5
25/10/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	8.7
25/10/2011	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	8.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2011 altitude inferior a 1000m.

O día 25 do mes de outubro rexistrou as temperaturas máis baixas en Galicia.



4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2011.

A continuación na figura 6 móstrase a evolución da temperatura media para a serie rexional construída con 25 series de calidade en Galicia.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2011 para outubro.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2011 para outubro.



5 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas neste mes estiveron en xeral moi preto dos valores normais, incluso con puntos nos que as chuvias superaron estes valores. Porén, o número de días de chuvia estivo moi por debaixo do normal e as precipitacións en xeral tiveron un carácter torrencial e acumuláronse case na súa totalidade nos dous episodios máis chuviosos do 23 e 26.

5.1. Precipitación acumulada mensual outubro 2011




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada do mes de outubro de 2011.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de outubro de 2011.

As chuvias rexistradas na derradeira semana do mes de outubro deron lugar a unha distribución das anomalías de precipitación que deixan ás provincias de Pontevedra e Ourense cunha porcentaxe de precipitación con respecto á media climática no período 1971-2000 superior ao 160%. O promedio da anomalía no conxunto de Galicia é do 94 %, o que permite calificar outubro como un mes normal en canto a chuvia acumulada.



5.3. Días de chuvia en outubro de 2011




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de outubro de 2011.

O valor promedio dos días de precipitación (superior a 1 mm) para Galicia é de 6.7, valor que é case a metade do valor normal.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro.

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2011 (L/m ²)			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Louredo	Mos	Pontevedra	385
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	285
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	281
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	279
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	271
Lesende	Lousame	A Coruña	262
Areeiro	Pontevedra	Pontevedra	257
Amiudal	Avión	Ourense	247
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	235
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	226

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2011.

Como se pode observar, na provincia de Pontevedra rexistráronse os valores máis altos de precipitación no mes de outubro.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio
Louredo	Mos	Pontevedra	180	26/10/2011 6:10
CVicaludo	Oia	Pontevedra	137	26/10/2011 5:50
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	127	23/10/2011 10:00
Lesende	Lousame	A Coruña	121	23/10/2011 8:00
AGranxa	Ponteareas	Pontevedra	115	26/10/2011 6:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	113	23/10/2011 10:20
M Aloia	Tui	Pontevedra	112	23/10/2011 7:50
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	112	23/10/2011 12:00
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	109	26/10/2011 5:00
Areas	Tui	Pontevedra	109	23/10/2011 5:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2011.



5.4. Evolución da precipitación no período 1961-2011




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en outubro respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro respecto ó período 71-00.

A serie rexional para precipitación en Galicia está moi próxima aos valores climáticos normais de precipitación.



6 VENTO

A derradeira semana do mes de outubro non se caracterizou unicamente pola cantidade de precipitación rexistrada. As xornadas do 23, 24 e o 26 de outubro presentaron tamén refachos que en moitas localidades foron fortes o moi fortes, superándose nalgúns casos os 100 km/h. Na táboa 9 móstranse os casos nos que os refachos foron superiores aos 100 km/h.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
26/10/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	146
23/10/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	139
26/10/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	135
26/10/2011	Xares	A Veiga	Ourense	128
24/10/2011	Xares	A Veiga	Ourense	127
23/10/2011	A Gándara	Vimianzo	Coruña	126
26/10/2011	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	125
26/10/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	123
23/10/2011	Burela	Burela	Lugo	123
23/10/2011	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	122
26/10/2011	Burela	Burela	Lugo	117
26/10/2011	Lira	Carnota	Coruña	117
23/10/2011	Lira	Carnota	Coruña	117
26/10/2011	A Gándara	Vimianzo	Coruña	117
26/10/2011	Punta Candieira	Cedeira	Coruña	116
24/10/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	116
26/10/2011	Ons	Bueu	Pontevedra	115
23/10/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	114
23/10/2011	Punta Candieira	Cedeira	Coruña	114
23/10/2011	Ons	Bueu	Pontevedra	113
23/10/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	111
23/10/2011	Xares	A Veiga	Ourense	108
26/10/2011	Camariñas	Camariñas	Coruña	107
26/10/2011	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	107
23/10/2011	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	107







Refachos máximos superiores aos 100 km/h en outubro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
26/10/2011	Sálvora	Ribeira	Coruña	106
23/10/2011	Muralla	Lousame	Coruña	106
24/10/2011	Punta Candieira	Cedeira	Coruña	105
23/10/2011	Sálvora	Ribeira	Coruña	105
26/10/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	104
24/10/2011	Sálvora	Ribeira	Coruña	104
26/10/2011	Courel	Folgozo	Lugo	104
26/10/2011	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	102
23/10/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	100
23/10/2011	Camariñas	Camariñas	Coruña	100

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de outubro de 2011.





Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	116.8	NE	19		
		Día 26				
Punta Candieira	Cedeira	116.3	NE	11		
		Día 26				
Malpica	Malpica	91.1	E	6		
		Día 24				







PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	97.5	S	5		
		Día 23				
Río do Sol	Coristanco	98.9	S	2		
		Día 23				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de outubro de 2011 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	122.8	SE	8		
		Día 23				
Ancares	Cervantes	123.0	S	14		
		Día 26				

Táboa 11: Resumo vento no mes de maio de 2011 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xures	Muiños	88.9	S	13		
		Día 26				
Alto do Rodicio	Maceda	101.9	S	8		
		Día 26				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de outubro de 2011 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	89.1	S	15		
		Día 26				
S. Faro	Rodeiro	89.2	S	4		
		Día 26				
Ons	Bueu	115.3	NE	7		
		Día 26				
C. Vicaludo	Oia	121.6	E	8		
		Día 23				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de outubro de 2011 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de outubro de 2011.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



8 RAIOS

No seguinte gráfico móstrase o total de raios caídos sobre Galicia para cada día do mes. Rexistráronse raios principalmente nas xornadas do 23 ó 26, acadándose un total de 200 para a comunidade galega.




Figura 15: Número total de raios caídos en Galicia en outubro de 2011.




Figura 16: Número total de raios caídos en Galicia en outubro de 2011 por provincia